

# FICHAS MARISCOS





## AMEIXA FINA - *Ruditapes decussatus*



É un molusco bivalvo que habita os fondos areosos e fangosos das praias e estuarios, desde as zonas intermareales de poucos metros de profundidade, hasta zonas subareales. Alimentase de microorganismos vivos que obtiene filtrando a auga do mar a través dun sifón inhalante e expulsandoa a través doutro. A lonxitude deste sifón permítelle permanecer enterrada na área entre quince e trinta cm. de profundidade, soportando así os períodos de desecación da baixamar.

### Reproducción

Os seus sexos están separados, aínda que esporádicamente chéganse a atopar organismos hermafroditas. A reprodución é externa e lévase a cabo principalmente no verán.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



**Talla mínima comercial:** 40 mm. Medido no seueixo maior ou anteroposterior (LAP)



## BERBERECHOS - *Cerestoderma edule*



É un molusco bivalvo que vive nunha gran parte de zonas de mareas, baixos areosos e estuarios.

Son propios de zonas próximas ás desembocaduras dos ríos.

Fondos de fango e de áreas finas próximas á costa e en profundidades de 10 metros.

Viven na superficie do sedimento, nos primeiros centímetros. Trátase dun organismo filtrador que se alimenta do plancton en suspensión na auga, a través dun dobre sifón.

### Reproducción

A diferenza de outras especies da súa familia é un individuo unisexual.

As femias poñen un número moi elevado de ovos que son fecundados na auga.

A posta realízase fundamentalmente entre maio e xuño, pero poden apreciarse fixacións de menor grao durante todo o ano. As larvas que nacen dos ovos levan unha vida libre durante uns días, ao cabo dos cales caen ao fondo e comeza a vida sésil. Durante a súa etapa larvaria o pequeno molusco sofre moitos perigos, debido a que forma parte do plancton xunto con miles de pequenas algas e animais, servindo de alimentación para moitos animais mariños. Unha vez fixada no fondo, en caso de que vaia a parar a unha zona cun sustrato favorable, alcanza o tamaño adulto en 1 ou 2 anos.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



 época de reprodución  época de desove  época de posta

 migracións a zonas costeiras  migracións a zonas profundas

**Talla mínima comercial:** 28 mm. (dentro da Remip) 26 mm. (Comunitaria).  
Medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP)



## BOGAVANTE - *Hommarus gammarus*



Crustáceo decápodo mariño moi similar á langosta, que habita en refuxios rocosos e normalmente e profundidades inferiores a 50 metros, sin embargo pode habitar desde a marca da baixamar hasta os 150 m. de profundidade e preferentemente en leitos de área e grava. Trátase de un individuo típicamente nocturno, sale de noite a buscar alimento (vermes, bivalvos e peixes mortos)

### Reproducción

Para a reprodución precisas temperaturas como mínimos de 15°C e unha salinidade elevada.

O apareamento realizase a finais do verán, inmediatamente despois de que as femias muden, sin embargo, a fecundación e a posta non teñen lugar ata o verano seguinte co seu pico máximo a finais de xullo e principios de agosto. Este fenómeno débese a que as femias gardan no seu receptáculo seminal durante todo o inverno, o paquete seminal emitido polos machos. Tras a eclosión dos ovos succédense distintas fases larvárias ata chega ao individuo adulto, tras 4 anos e un tamaño aproximado de 20 cm. O tamaño medio dun bogavante é de 35 cm. pero poden acadar tamaños de hasta 75 cm. (4 kg. de peso) xa que poden vivir ata 50 anos.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



 época de reprodución     época de desove     época de posta  
 migracións a zonas costeiras     migracións a zonas profundas

**Talla mínima comercial:** 8,7 cm. de lonxitude do cefalotorax



## COQUINAS - *Donax trunculus*



Trátase dun molusco bivalvo con textura moi suave, concha sólida e superficie lisa brillante. Acostuma a atoparse en fondos de área limpa e fina e medio-fina, por debaixo de zonas de oleaxe.

### Reproducción

Trátase dunha especie dioica (sexos separados), cunha reprodución externa (na meirande parte dos casos) que da lugar a ovos que tras a súa eclosión producen larvas peláxicas que forman parte do plancton, ata que pasado un tempo establécense no fondo. O desenrolo gonadal comeza a partir de xaneiro, e a posta (variable en función da localización e do estado climático), comeza a partir da primavera, simultaneamente ao aumento da temperatura da auga (etapa óptima de marzo a xullo)

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



■ época de reprodución    ■ época de desove    ■ época de posta

■ migracións a zonas costeiras    ■ migracións a zonas profundas

**Talla mínima comercial:** 35 mm. Medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP)



## LANGOSTA - *Palinurus elephas*



Este crustáceo decápodo vive en fondos rochosos non demasiado profundos e normalmente de menos de 100 m. escondida entre as rochas. Raramente pode en fondos pedregosos.

A pesar de su aparencia pesada eé capaz de nadar gracias as potentes contraccións de su cola fortemente musculada.

De hábitos nocturnos, a langosta é moi voraz e alimentase de todo o que atopa, aínda que as súas preferencias centranse en poliquetos, crustáceos, moluscos, algas, restos orgánicos e vermes. Destaca o feito de que é capaz de romper as duras cunchas dos bivalvos, pese a carecer de pinzas.

### Reproducción

As langostas son unisexuais como a maioría dos crustáceos superiores. O apareamento prodúcese de setembro a febreiro(deppendendo da Tª das augas). Os machos depositan na saída do oviducto da femia paquetes de espermatozoides, para que os ovos sexan fecundados aó salir. Os ovos xa fecundados son levados durante seis meses entre as patas abdominales das femias, ata que eclosionan en primavera. Finalmente tras a sucesión de distintas fases larvarias alcanzan a madurez sexual tras 4-5 anos, cando mide uns 20 cm. O tamaño medio de unha langosta son uns 35 cm.

### Cronograma



**Talla mínima comercial:** 9,5 cm. de lonxitude do cefalotorax



## NÉCORA - *Necora púber*



La nécora (*Necora púber*) é un crustáceo demersal de hábitos nocturnos que vive entre as rochas e as covas da costa aínda que a súa distribución alcanza hasta os 70 m. de profundidade. Alimentase de algas e de restos animais.

### Reproducción

O desove ocorre principalmente en inverno e primavera e as femias poden aparecer ovadas desde febrero a novembro. Esta especie alcanza a talla de madurez sexual de forma diferenciada según o sexo, así a talla de madurez nas femias alcánzase aos 5 cm. e nos machos aos 5,5 cm.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



 época de reprodución  época de desove  época de posta

 migracións a zonas costeiras  migracións a zonas profundas

**Talla mínima comercial:** 5,5 cm. (anchura del cefalotórax)



## OURIZO - *Paracentrotus lividus*



O ourizo (*Paracentrotus lividus*) é un equinodermo demersal e nerítico, que habita nas zonas de sustrato rochoso do litoral e do sub-litoral, preferentemente de baixa inclinación e expostas ou semiexpostas ao oleaxe, hasta os 80 m. de profundidade (con frecuencia hasta uns 30 m. de profundidade, formando manchas de alta densidade en profundidades menores a 8 m.).

É unha especie eminentemente heribívora e aliméntase fundamentalmente de macroalgas fixas ao sustrato, e secundariamente de algas arroxadas.

### Reproducción

É unha especie dioica que non presenta un dimorfismo sexual aparente.

O ciclo reproductor presenta dúas fases diferenciadas: a maduración e o desove, na cal hai liberación de contido gonadal ao mar, para unha fecundación externa (esta fase está influenciada pola temperatura, o fotoperíodo, o alimento e a acción das ondas do mar).

En Galicia o ciclo gonadal é anual, cun único período de posta entre abril e xullo (pico en maio-xuño).

A posta termina en agosto e tras ela prosigue un período de repouso.

No outono acumulan reservas progresivamente, alcanzando a madurez gonadal entre inverno e primavera.

A madurez sexual adquirese cando acada entre 2,5 e 4,5 cm. de diámetro do caparazón.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



**Talla mínima comercial:** 55 mm. (diámetro máximo do dermoesqueleto sin púas)





## PERCEBE - *Pollicipes pollicipes*



Crustáceo típico da costa galega e da súa gastronomía, que vive fixo a rochas de zonas costeiras muy expostas ao batido das ondas do mar. En fase adulta viven en grupos ou colonias de 100 individuos.

Aliméntanse por filtración, xa que ao carecer de extremidades, permanecen inmóviles adheridos ás rochas durante toda a súa vida adulta.

### Reproducción

Trátase dunha especie hermafrodita, pero non é capaz de autofecundarse, sendo necesario que interveñan dous individuos distintos. O período reproductor do percebe en Galicia comeza en marzo e finaliza en setembro. Entre febrero e marzo, un 10-20% dos percebes adultos realizan a cópula, pero é no segundo período reproductor, a principios do verán, no que participan a inmensa maioría da poboación adulta.

### Cronograma



**Talla mínima comercial:** 15 mm de diámetro maior da base do capítulo medido á altura das placas inferiores. Cando se presentan formando piñas, polo menos o 60% do peso da piña deberá estar constituído por exemplares que acaden o tamaño mínimo.



## POLBO - *Octopus vulgaris*



O polvo (*Octopus vulgaris*) é un cefalópodo que habita as zonas rochosas de poucos metros hasta os 200 m. de profundidade. Aliméntanse de bivalvos e crustáceos.

### Reproducción

A súa época de desove vai desde decembro a setembro, con un pico entre abril e xuño. Esta especie alcanza a madurez sexual de forma diferenciada según o sexo, así as femias alcanzan a madurez con 1,8 kg. e os machos con 0,9 kg. As femias casi non se alimentan durante a época de posta, polo que acostuman a morrer despois da eclosión das larvas.

Estas larvas son primeiro peláxicas e tras 40 días bentónicas.

Os individuos grandes e maduros, migran cerca da costa na primavera, seguidos de individuos pequenos e inmaduros, estes grupos retíranse despois a augas máis profundas, en agosto/setembro e novembro/dicembro, respectivamente.

### Cronograma

Xan Feb Mar Abr Mai Xño Xllo Ago Set Out Nov Dec



■ época de reprodución    ■ época de desove    ■ época de posta  
■ migracións a zonas costeiras    ■ migracións a zonas profundas

**Talla mínima comercial:** 1,5 kg. (dentro de la REMIP)

# FICHAS MARISCOS

